

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12207 *Real decreto 1161/2009, do 10 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

A Directiva 2004/38/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, regula o dereito de entrada e saída do territorio dun Estado membro, o dereito de residencia dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias, e os trámites administrativos que deben realizar ante as autoridades dos Estados membros. Así mesmo, regula o dereito de residencia permanente, e finalmente establece limitacións aos dereitos de entrada e residencia por razóns de orde pública, seguranza pública ou saúde pública.

A aprobación da citada Directiva 2004/38/CE, do 29 de abril de 2004, fixo necesario proceder a incorporar o seu contido ao ordenamento xurídico español, mediante o Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

O dito Real decreto 240/2007 regula as condicións para o exercicio dos dereitos de entrada e saída, libre circulación, estadía, residencia, residencia de carácter permanente e traballo en España por parte dos cidadáns doutros Estados membros da Unión Europea e dos restantes Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, así como as limitacións aos dereitos anteriores por razóns de orde pública, seguranza pública ou saúde pública.

Porén, a aplicación do establecido no artigo 5.2 da Directiva 2004/38/CE e no artigo 4.2, segundo parágrafo, do Real decreto 240/2007, evidenciou a necesidade de proceder á modificación en relación cos cidadáns da Unión Europea nacionais dun Estado membro en cuxo territorio non se aplique o Convenio de Schengen, xa que aos seus familiares nacionais de terceiros países as autoridades do control de fronteiras non lles permiten a entrada en España sen a obtención previa dun visado de entrada, a pesar de seren titulares dunha tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.

Mediante este real decreto modifícase o artigo 4.2 do Real decreto 240/2007 para os efectos de que posuír a tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión expedida por calquera Estado membro da Unión Europea ou por outro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo exima estes familiares da obriga de obter o visado de entrada.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior e de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2009,

DISPÕO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

O segundo parágrafo do número 2 do artigo 4 do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, queda redactado como segue:

«A posesión da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión, válida e en vigor, expedida por outro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, eximirá os ditos membros da familia da obriga de obterem o visado de entrada e, no momento de presentación desa tarxeta, non se requirirá a estampación do selo de entrada ou de saída no pasaporte.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.2.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre inmigración.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ